| Área | RELIXIÓN CATÓLICA | Páx. | 1 |
|---|---|---|---|
| Curso/Ciclo | 3º Curso de Educación Primaria | | |
| Profesor/a | Hermitas Villanueva Martínez | | |

<table>
<tr><th colspan="3">CONTIDOS</th></tr>
<tr><th>1.ª AVALIACIÓN</th><th>2.ª AVALIACIÓN</th><th>3.ª AVALIACIÓN</th></tr>
<tr>
<td>Temas 1-3<br>Son feliz cos teus agasallos<br>• A realidade que nos rodea como don para a nosa felicidade<br>• Resposta do home ao don de Deus.<br>Descubro a Deus no pobo de Israel<br>• A vocación de Moisés para liberar ao seu pobo.<br>• A Alianza de Deus co pobo de Israel no Sinaí.<br>Celebro o nacemento de Xesús<br>• A mensaxe cristiá do Nadal.<br>• O relato bíblico «O Neno Xesús e os pastores».</td>
<td>Temas 4-6<br>Coñezo a vida de Xesús<br>• O Bautismo de Xesús: comezo da misión.<br>• O valor de facer o ben.<br>Grazas polo teu amor<br>• A misión de Xesús é facer felices aos homes.<br>• O valor da caridade<br>Sigo a Deus<br>• O seguimento de Xesús. Diferentes respostas á chamada de Xesús<br>• O valor da amabilidade</td>
<td>Temas 7-9<br>Descubro unha gran misión<br>• A Igrexa continuadora da misión de Xesús<br>• O relato bíblico «Xesús e a pesca milagrosa».<br>Gústame a túa amizade<br>• Os cristiáns expresan a amizade con Deus no diálogo con El e a través da súa vida.<br>• O valor da confianza.<br>Ensínasme a rezar<br>• O Noso Pai, signo de pertenza á comunidade cristiá<br>• O relato bíblico «Xesús ensina o Noso Pai».</td>
</tr>
<tr><th colspan="3">OBXECTIVOS</th></tr>
<tr><td colspan="3">Recoñecer a Deus creador do mundo e das persoas.<br>Descubrir como Deus axuda respectando a liberdade das persoas.<br>Comprender a importancia de realizar comportamentos de misericordia cos demais.<br>Valorar a vida de Xesús como un grande exemplo de amor e entrega persoal.<br>Aplicar na vida diaria o valor do agradecemento.<br>Tomar conciencia da importancia de practicar o valor da caridade.<br>Desenvolver actitudes para practicar o valor de perdoar para reconciliarse con Deus e cos demais.<br>Descubrir que a salvación de Deus chega coa morte e resurrección de Xesús.<br>Desenvolver a capacidade de practicar o valor da solidariedade.<br>Descubrir como o Espírito Santo produce nos cristiáns os seus froitos.<br>Descubrir a acción do Espírito Santo na Igrexa.</td></tr>
<tr><th colspan="3">METODOLOXÍA</th></tr>
<tr><td colspan="3">Será comunicativa, inclusiva, activa e participativa, que combina as actividades individuais coas de grupo, e a aprendizaxe real dos contidos coa súa aplicación práctica á vida diaria, e dirixida ao logro dos obxetivos e das competencias clave.<br>Promovendo a importancia do alumnado mediante lecturas en voz alta, presentación en público dos traballos, exposición dos contidos e pór en xogo as súas capacidades de concentración, escoita, memoria auditiva, expresión corporal e imaxinación.<br>No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:<br>• Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.<br>• Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas, e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.<br>• Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.<br>• Círculos de aprendizaxe.<br>• Exposición do profesorado.</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="2">CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</th></tr>
<tr>
<td>1. Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorna son un don de Deus para a súa felicidade.<br>2. Recoñecer as consecuencias da Alianza de Deus con Israel..</td>
<td>1.1. Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.<br>2.1. Coñece o contido da Alianza, identifica as súas implicacións e toma conciencia do sentido que pode ter na vida actual.<br>3.1. Resume en que consiste o Nadal para os cristiáns</td>
</tr>
</table>

| | |
|---|---|
| 3. Expresar o verdadeiro significado do Nadal cristián.<br>4. Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.<br>5. Distinguir como Xesús fai felices aos homes a través dos seus xestos e accións.<br>6. Comparar as diferentes respostas dos amigos de Xesús á súa chamada.<br>7. Identificar e valorar as accións da Igrexa que continúan a misión de Xesús.<br>8. Sinalar a oración como unha forma de expresión da amizade con Deus<br>9. Comprender que a oración do Noso Pai expresa a pertenza á comunidade eclesial | 4.1. Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús<br>5.1. Descobre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e as accións de Xesús que fan felices aos homes<br>6.1. Identifica e comenta algunhas características diferenciais nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos.<br>7.1. Crea relatos breves para expresar como a acción misioneira, a caridade e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.<br>8.1. Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus.<br>9.1. Reconstrúe e dramatiza o contexto no que Xesús entrega a oración do Noso Pai aos discípulos |